

## Acta da Sesión Ordinaria da Comisión de Calidade do 22 de xuño de 2017

### Asistentes:

Arribas Álvarez, M.Carmen  
Comendador Rey, Beatriz  
Fernández Cid, Lorena  
Real López, Arturo  
Reboreda Morillo, Susana  
Vaquero Díaz, Beatriz

### Desculpan a súa ausencia:

Díaz Naya, Rosa M<sup>a</sup>  
Garrido Labrador, Begoña  
López Díaz, María (Año sabático)  
López López, Marta  
Preseo Garazo, Antonio  
Uña Álvarez, Elena de

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen-se os membros da Comisión de Calidade, o xoves 22 de xuño de 2017, ás 17.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, desenvolvéndose a orde do día prevista pola convocatoria do 20 de xuño de 2017:

- Lectura e aprobación das actas anteriores (18 e 30 de maio e 15 de xuño de 2017)
- Informe da Decana
- Debate e validación, se procede, da posibilidade de facer as probas de avaliación con carácter virtual para o alumnado semipresencial
- Validación, se procede, do Informe de avaliación do PAT do curso 2016/17 (R2 DO-0203 P1) e o PAT para o curso 2017/18 (R1 DO-0203 P1)
- Actualización, se procede, do Plan de promoción do centro (R1 DO-0202 P1)
- Actualización, se procede, do procedemento de Control de documentos (XD-01)
- Validación, se procede, dos horarios e das guías docentes para o curso 2017/18
- Debate e validación, se procede, sobre a posibilidade de depositar o TFG na secretaría de alumnado sen o documento do titor/a que xera a plataforma
- Validación, se procede, da coordinación do PAT do Mestrado de Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural
- Rolda de intervencións

1. Lectura e aprobación das actas anteriores (18 e 30 de maio e 15 de xuño de 2017)

Apróbanse as actas por asentimento.

## 2. Informe da Decana

- Escusa a ausencia de Begoña Garrido (obrigas laborais), María López (ano sabático), Elena de Uña (reunión investigación), Antonio Presedo (asuntos persoais), Rosa M. Díaz (asuntos persoais), Marta López (asuntos persoais) e Xosé María Eguileta (asuntos persoais).
- En relación á Acreditación do título de grao, da ACSUG solicitaron á Área de Calidade as fichas individualizadas das accións de mellora que non estaban incluídas nas alegacións. Xa as fixeron na Área de Calidade extraendo a información do documento entregado. Estamos á espera de que emitan o informe definitivo.
- Respecto da Certificación da Calidade, a ACSUG ratificou o informe oral foi conforme. Xa se enviaron á ACSUG as alegacións e as propostas de mellora tanto do centro como da Área de Calidade. Tamén estamos á espera de que emitan o informe definitivo.
- Comenta a decana que estamos en período de preinscrición da matrícula do grao. Houbo moitas consultas a través de facebook e da páxina web da facultade que a secretaria do decanato atende ao día. Cremos que o interese pola titulación é progresivo e que tanto as cuñas de radio como a publicidade nas redes sociais resultaron opcións acertadas. Informa tamén que se están distribuindo os folletos por diversos puntos de Galicia. Respecto a difusión nos IES, por este curso está pechado, agardamos que a responsable da actividade nos emitan un informe coas conclusións desta acción.

## 3. Debate e validación, se procede, da posibilidade de facer as probas de avaliación con carácter virtual para o alumnado semipresencial

A decana comenta que en relación co aumento da matrícula na modalidade semipresencial se están plantexando cuestións como a de facer as probas de avaliación con carácter virtual, aspecto que quere someter á consideración do profesorado se podería ser factible. A profesora Beatriz Vaquero di que depende moito do tipo de materia que sexa, ela por exemplo nun par das súas materias non lle ve problema e de feito fai este tipo de probas, pero noutra das súas materias o ve máis complicado. A profesora Beatriz Comendador di que se so é para o alumnado semipresencial que no pode vir ás probas presenciais, se podería artellar dalgún xeito para facelas virtuais. A decana expón que dun xeito voluntario se podería probar e según saia a experiencia se pode regular nas guías docentes.

## 4. Validación, se procede, do Informe de avaliación do PAT do curso 2016/17 (R2 DO-0203 P1) e o PAT para o curso 2017/18 (R1 DO-0203 P1)

A decana informa que houbo 21 titorías das que 5-6 alumnos e alumnas Erasmus ou SICUE. Antes estes datos, que vense mantendo ao longo dos cursos, se plantexa a reflexión de si é factible, en lugar da relación un titor por alumno, a dun titor por curso. A profesora Beatriz Comendador comenta que habería que resumir as enquisas. A decana propón simplificar o proceso do PAT mantendo os obxectivos, pero cun titor por curso académico que podería ser rotativo. Na proposta nova do PAT tamén se contempla as actividades de orientación profesional. A profesora Beatriz Comendador di que se pode reservar no horario do 2º cuatrimestre unhas horas para esta actividade.

Validase o Informe de avaliación do PAT do 2016/17 e o PAT para o curso 2017/18.

**5. Actualización, se procede, do Plan de promoción do centro (R1 DO-0202 P1)**

A decana comenta que a intención é seguir mantendo para o curso que ven o plan de promoción. Este ano se incluíron como novidade as enquisas aos estudantes dos IES a maiores de aos orientadores e tamén se ofertaron a charla e a exposición a centros da provincia de Pontevedra. A decana pensa que aínda que neste curso non acadamos o número de estudantes esixido polo decreto da xunta, é preciso seguir coas campañas de difusión que considera darán froito a medio prazo. Respecto á da semipresencialidade, para o ano que ven vaise manter, xa que no presente introducíronse bastantes cambios.

Validase o Plan de promoción do centro.

**6. Actualización, se procede, do procedemento de Control de documentos (XD-01 P1)**

Este procedemento refírese a vixencia e actualidade dos documentos relativos aos Sistema de Calidade. Ambos aspectos resultan evidentes xa que foron un dos obxectivos prioritarios dos dous procesos (Acreditación e Certificación) nos que participamos este ano.

Considerase actualizado o procedemento e validase.

**7. Validación, se procede, dos horarios e das guías docentes para o curso 2017/18**

A decana comenta as dificultades por cadrar os horarios da profesora Beatriz Comendador, con numerosas modificacións por parte do profesorado. Xa se solucionaron as coincidencias de exames e horarios. Beatriz Vaquero, coordinadora do grao e responsable das guías docentes, explica que, nesta última revisión, prevé so cambios de tipo puntual nesta última revisión.

Validanse os horarios e as guías docentes condicionados a esas posibles variacións mínimas.

**8. Debate e validación, se procede, sobre a posibilidade de depositar o TFG na secretaría de alumnado sen o documento do titor/a que xera a plataforma**

O documento que debe asinar o/a titor/a para o depósito do TFG non se xera ata que non estean o resto das materias superadas. Para que se poida cumprir co prazo de 10 días de antelación do depósito á defensa do TFG, podería haber a opción de que en secretaría recollan os traballos sen que iso implique o compromiso de defensa, que quedaría condicionada pola superación das materias. A profesora Beatriz Comendador di que no TFM se fai e que tamén se debería facer no TFG e opina que esta opción obriga a que se teñan que ler traballos que ao mellor non se van presentar despois e a un sobrepapeleo en secretaría.

Validase a posibilidade de depositar o TFG sen o documento do titor/a e acórdase enviar un escrito para que o TFG teña a mesma regulamentación que o TFM.

**9. Validación, se procede, da coordinación do PAT do Mestrado de Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural**


A profesora Beatriz Comendador comenta que no mestrado o/a titor/a do TFM é a figura que se asimilaría á de titor/a do PAT. Valórase a posibilidade de proponse lle ao coordinador do Mestrado que valore na Comisión Académica que o titor do TFM sexa o titor do PAT. Comenta Beatriz Comendador que se implementaron unhas enquisas on-line, dende Fatic no mestrado que foron moi útiles e non se precisaba que foran presenciais. Pensa que se poderían facer por cuatrimestre e redirixila á de satisfacción. Manifesta a súa preocupación de que as enquisas de valoración docente no mestrado semipresencial non se fagan, dende calidade lle dixeron que se ían facer este curso, polo que habería que facer un seguimento.

**10. Rolda de intervencións**

Non hai.


E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 17.55 horas, e de todo dou fe como secretaria

A decana



Susana Rebores Morillo

A secretaria



MCarmen Arribas Álvarez